

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE OLEIROS**

ANUNCIO de adopción do acordo para a adaptación do planeamento ás porcentaxes de reserva de vivenda protexida, en aplicación da Resolución do 5 de agosto de 2024.

O Pleno do Concello de Oleiros, na sesión extraordinaria do 30 de abril de 2025, acordou aprobar as novas porcentaxes de reserva de solo para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública nos ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado.

Estas porcentaxes de reserva de solo recollidas no acordo serán de aplicación aos polígonos de solo urbano non consolidado e aos sectores de solo urbanizable que, nesa data, non contén con proxecto de equidistribución aprobado definitivamente.

As táboas e o texto do acordo íntegro serán publicados na web municipal na epígrafe Urbanismo-Plan xeral.

Oleiros, 8 de maio de 2025

Ángel García Seoane
Alcalde

CVE-DOG: fuy87h44-eqq9-o5w1-yet9-w7i7ihetg62

